

Xeoloxía : É a ciencia que estuda a Terra: a súa composición, estrutura, fenómenos externos e internos que ocorren nela, e o seu pasado. Nos últimos anos estendeuse tamén ao estudo dos outros corpos do Sistema solar. Está estruturada e relacionada con outras disciplinas científicas: física, química...

Algunhas das especialidades da xeoloxía:

- **Xeofísica** . Estudo das propiedades físicas da Terra: anomalías da gravidade, discontinuidades das ondas sísmicas, campo magnético terrestre etc, para sacar conclusións sobre estrutura e composición da Terra
- **Mineraloxía** . Estudo dos minerais: estrutura interna, composición química, clasificación, formación, propiedades ...
- **Petroloxía**. Estudo das rochas: composición mineralóxica e química, textura, orixe, formación, clasificación ...
- **Xeoquímica**. Estuda a composición química das rochas terrestres, a distribución e abundancia dos elementos químicos na codia terrestre, etc ...
- **Xeoloxía estrutural e tectónica**. Ocúpase do estudo da dinámica do interior terrestre, movementos de placas, análise e interpretación das estruturas tectónicas terrestres: fallas, dobras ,etc e analiza as forzas que as orixinan.
- **Xeoloxía rexional**. Estuda en detalle a xeoloxía coma dos xacementos, estilo de deformación, rochas, etc. de distintas rexións do planeta: Europa, Chile...
- **Xeoloxía histórica**: estuda as épocas xeolóxicas dende a formación da Terra; de cada época analiza os procesos xeolóxicos, a composición e estrutura da terra e da atmosfera, a posición de continentes e dos polos nesa época , a formación de montañas e das concas sedimentarias, e o desenvolvemento da vida.
- **Xeocronoloxía** : determina a idade das rochas .
- **Paleontoloxía** . Estudo da vida en épocas pasadas a través dos fósiles e da súa distribución , dos ecosistemas nos que se desenvolveron, etc.. Aporta información ao coñecemento da evolución.
- **Estratigrafía** . Estudo rochas sedimentarias e estratificadas: xénese, natureza, ordenación no tempo e reconstrución da historia xeolóxica.
- **Sedimentoloxía** . Estudo dos sedimentos e a súa formación. Tamén analiza o seu ambiente de formación.
- **Mecánica do solo**. Estuda as propiedades do solo para por exemplo atopar terreos para posibles edificacións libre de riscos xeolóxicos como deslizamentos .
- **Xeomorfoloxía**: estuda a formación e evolución do relevo terrestre.
- **Hidroxeoloxía**. Investiga a cantidade, calidade, e dinámica das augas subterráneas.
- **Xeoloxía económica**. Encárgase da explotación de xacementos metálicos e non metálicos avaliando o seu valor.
- **Xeoloxía ambiental**. Investigación de procesos e formas de contaminación principalmente da auga superficial, subterránea e do solo, avaliando tamén a súa calidade.
- **Xeoloxía planetaria**. estuda os corpos celestes(planetas, satélite,cometas ...)